

A Coruña
adxudica a
obra do
ascensor dos
Castros por
400.000 €



Páxina 5

Premio
"Moncho do
Pío" para o
chantadino
Alfredo Pardo



Páxina 9

Sober
construirá
pequenas
vivendas
modulares
unifamiliares



Páxina 10

Amandi
celebrou o
40 aniversario



Páxina 11

Plan estratéxico
para o sector
agrogandeiro da
Limia



Páxina 12



A Orde do Camiño de Santiago presenta o bosquexo da Alfombra do Xacobeo 2021

Páxina 2

Entrevista



Nilce Costa, xornalista brasileira

"O máis fermoso é a
aproximación das linguas"

Páxina 7



café prifer
Feliz
2021

Rúa Marcelo Macías 56
O U R E N S E



LOTería
RIBEIRA SACRA

982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

Miscelánea

A Orde do Camiño de Santiago presenta o bosquexo oficial da Alfombra do Xacobeo 2021

Alfombristas de 250 cidades de 28 países dos cinco continentes participarán no maior proxecto mundial de alfombrismo que se celebrará entre os días 24 e 25 de xullo do 2021, dedicada ao Camiño de Santiago e con motivo do Xacobeo 2021.

O Congreso Internacional sobre "Os Roteiros de Peregrinación como impulsoras do Turismo Global", organizado pola Orde do Camiño de Santiago e a Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago, foi o marco escollido para a presentación do bosquexo da Alfombra Mundial do Xacobeo, obra do artista Miguel Angel Lagoa Villalobos, da localidade de Chinchón, e que elixido entre máis de sesenta bosquexos por Alfombristas de todo o mundo. A Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago é a maior organización mundial de alfombristas e ten a súa sede en Ponteareas.

Neste evento participarán alfombristas de Alemaña, Arxentina, Brasil, Bolivia, Colombia, Chile, Costa Rica, Francia, Estados

Unidos, Ecuador, O Salvador, Guatemala, Honduras, Hungría, India, Italia, Lituania, México, Nicaragua, Nova Zelandia, Paraguai, Polonia, Panamá, Perú, Portugal, Tunicia, Venezuela e España.

Os alfombristas preparan dous grandes proxectos para o próximo Ano Santo: "Alfombras para o Camiño", a realizarse entre xaneiro e xuño de 2021; e "Alfombra Mundial do Xacobeo". O deseño de Miguel Ángel Lagoa Villalobos será común en cada unha desas localidades.

A Orde do Camiño de Santiago, que conta con máis de 1.250 Damas e Cabaleiros en todo o mundo, comparte os obxectivos dos alfombristas, tendo como misión a promoción dos valores universais do Camiño.

Grazas ao Convenio asinado entre ambas as entidades, o Congreso Internacional "Os Roteiros de Peregrinación como impulsoras do Turismo Global", que se celebrará os días 05, 06 e 07 de decembro en Santiago de Compostela e que integra a relatores de procedentes de 21 países en formato híbrido, servirá como plataforma



de lanzamento aos proxectos da Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago.

Este Congreso conta co apoio da Axencia

de Turismo de Galicia a través da liña de incentivos ao sector MICE e do Instituto Nacional para a Promoción Turística de Arxentina (INPROTUR).

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Este atípico 2020

Sobran as razóns para pensar que este 2020 é francamente un ano atípico. Precisamente por atípico xa será, por tanto, un ano histórico. Cunha pandemia en curso, o que estamos a presenciar na política mundial é unha etapa de incertezas que, ironicamente, anuncia cambios sistémicos e estruturais de gran calado para os próximos anos.

No meollo está a transformación da configuración do poder xeopolítico global. Váiamos por partes. Ata que a COVID 19 apareceu nas nosas vidas, a noticia mais importante para a política internacional deste 2020 moi probablemente serían as presidenciais en EE.UU. E xa que estamos, pois así van as cousas na maior democracia do mundo. Biden virtualmente gañador mentres Trump non reconece a derrota e ameaza con ir a tribunais.

A desfeita electoral en EE.UU implica observar con atención a política mundial. Washington está en fase de "neo-guerra fría" con China e isto anuncia unha década trepidante, decisiva para definir un novo equilibrio global.

A tensión dialéctica con China, terreo favorito dun Trump hoxe aparentemente no deserto político, intensificouse coa COVID 19. Con mais de 230.000 mortos, EE.UU lidera o número de falecidos. E estamos por ver como a pandemia redimensiona o panorama global, incluso o propio proceso de globalización.

O cambio tamén obsérvase en América Latina. O regreso ao poder en Bolivia dun MAS "post-Evo" pecha momentaneamente a crise latente desde finais de 2019. Chile votou unha reforma constitucional que

pon fin á Carta Magna herdeira do "pinochetismo". Hai cambios, obviamente, que camiñan por fóra da pandemia.

Pero o que nos está deixando este atípico 2020 é un avance inexorable cara unha civilización cada vez máis cibernética, onde a tecnoloxía modificará as nosas vidas. Estase acelerando un vertixinoso cambio dixital que transformará a economía e as relacións sociais, así como a intelixencia artificial modificará a nosa percepción do mundo. A pandemia tamén colocou no centro de atención un sector marxinado pola preponderancia do "economicismo": a saúde e o benestar.

Toda vez, estes cambios que anuncian a civilización cibernética en marcha pro-

creará outras desigualdades sociais, determinadas pola capacitación tecnolóxica e a precarización laboral. Substituirá a máquina ao home? É unha das chaves desta transformación.

E a isto engadimos a superficie política. Incluso sen Trump na Casa Branca, persisten os liderados populistas "iliberais" e anti-sistema, de diversa índole política e ideolóxica. No meollo do asunto está a cuestión da democracia. Estamos avanzando? Pouco, por ser optimistas. Os consensos políticos, hoxe, semellan pactos circunstanciais, incluso quiméricas. Imponse progresivamente un estilo autoritario, desafiante, que permea e desarticula o equilibrio institucional, contrario ao "politicamente correcto".

Por todas estas razóns, o 2020 é un ano histórico, inesperado, incluso traumático. De acordo ao horóscopo chinés, este é o ano da Rata. O 2021 será o Ano do Boi, cuxa personalidade aduce da confianza, honestidade e ambición. Curiosa radiografía nestes tempos de pandemias, urxida de consensos, de honestidade. De confianza.





“Caixeiros automáticos” para o rei Juan Carlos

Está rematando o ano e as novas que podíamos traer a estas páxinas do xornal serían innumerables. Como vdes. xa estarán canso de presenciar os rifirrafes dos nosos políticos un día si e outro tamén, nesta ocasión decidín ofrecerlles esta versión de “Alibabá e os corenta ladróns”, en versión cortesana.

Agradecemos aos “colegas” de elDiario.es por darnos a oportunidade de informar con maior precisión aos nosos lectores do que se ven cocendo nas últimas décadas arredor dos nosos ínclitos monarcas.

El Diario/Elena Herrera. Investigacións xudiciais e xornalísticas sacaron á luz as millonarias doazóns que o agora emérito recibiría de magnates e gobernantes de países nada respectuosos cos dereitos humanos e as complexas estruturas opacas que poñerían en marcha algúns dos seus colaboradores para esconder e branquear ese diñeiro.

Empresarios multimillonarios e gobernantes de países nada respectuosos cos dereitos humanos haberían contribuído a financiar durante décadas o desorbitado tren de vida de Juan Carlos I para quen, ao parecer, non eran suficientes só en concepto de salario. A asignación que recibe a Coroa para o seu funcionamento rolda os oito millóns anuais, aínda que o custo da monarquía é moito maior porque esa cantidade os 300.000 euros que recibía anualmente do erario público para pagar todos os gastos que realiza a Casa Real en materia de viaxes, seguridade, funcionariado ou mantemento do seu patrimonio.

Investigacións xudiciais e xornalísticas acreditaron que este círculo de “financiadores” do monarca formarían altos mandatarios, principalmente de potencias petroleiras, como o falecido rei de Arabia Saudita Abdalá bin Abdulaziz, o sultán de Bahréin Hamad bin Isa al Jalifa ou o ex-presidente kazako Nursultan Nazarbayev. E tamén grandes magnates como o empresario mexicano Allen de Jesús Sanginés-Krause, que estaría detrás da doazón que o monarca tentou regularizar esta semana para evitar a imputación nunha das tres causas abertas contra el na Fiscalía do Tribunal Supremo sobre as súas finanzas.

Estes son os personaxes que levaban de caza a Juan Carlos I, cos que ía navegar

e os que lle facían onerosos agasallos, incluídos iates e vehículos de motor de alta gama e elevadas cantidades en metálico que agora motivan investigacións por branqueo nos tribunais. Algunhas desas pescudas indagan en se estas doazóns son en realidade comisións froito da súa intermediación en diferentes negocios.

Para esconder e branquear ese diñeiro, o agora emérito serviuse dunha rede de colaboradores que inclúe a familiares afastados como o seu primo Álvaro de Orleáns, que nega ser o seu home de palla e enmarca os seus tratos co rei na tradición familiar de axudar ás monarquías europeas; ou outras persoas do seu círculo máis próximo como o coronel Nicolás Murga Mendoza, que foi o seu axudante de campo. E tamén de vellos coñecidos da Policía e os xuíces españois como o xestor de fondos Arturo Fasana, sinalado en distintas causas xudiciais como presunto home de palla en Suíza de grandes fortunas.

elDiario.es detalla a continuación quen son estes personaxes e cal é a súa vinculación co emérito:

Allen de Jesús Sanginés-Krause. Empresario mexicano afincado en Londres. Desenvolveu a maior parte da súa carreira no banco de investimento Goldman Sachs, onde foi o seu máximo responsable en México e Rusia. Foi presidente da compañía de telecomunicacións Millicom e é o principal accionista de varios fondos inmobiliarios. En 2018, un deles comprou por 210 millóns de euros o hotel Villa Magna, un dos máis luxosos de Madrid. É dono do castelo de Killua, en Irlanda, onde o rei refuxiouse nalgúns ocasións.

Este empresario amigo do rei está detrás do diñeiro que el e outros membros da súa

familia utilizarían para pagar gastos persoais –viaxes en Uber, compras no Corte Inglés e clases de piano, entre outros– a través de tarxetas opacas ao fisco nos exercicios fiscais de 2016, 2017 e 2018. Este 9 de decembro, a defensa do emérito confirmou que abonara “unha débeda tributaria” de 678.393,72 euros “incluíndo intereses e recargas” polas cantidades non declaradas que percibiu de Sanginés-Krause.



Este intento de regularización fiscal supón asumir a fraude que estaba a perseguir o ministerio público e polo que si podería ser imputado ao afectar a exercicios non prescritos e que ademais son posteriores á súa abdicación. Non está claro, con todo, que a confesión e o pago da débeda evite a investigación por fraude fiscal, pois o emérito realizou o abono case un mes despois de que a Fiscalía informásele formalmente das pescudas. A Fiscalía do Tribunal Supremo analizará a “espontaneidade, veracidade e completitude” da declaración tributaria presentada polo monarca “no marco dunha investigación máis ampla” na que valorará o seu “alcance”, segundo informou a institución este 11 de decembro.

En todo caso, as fontes fiscais consultadas aseguran que a xurisprudencia do Tribunal Supremo é moi garantista a este

respecto e que fixou que para que se invalide unha regularización cando hai confesión e pago da débeda tense que formular unha querela contra o contribuínte e que non abonda con que se lle comunicou oficialmente a existencia dunha investigación, como ocorreu no caso de Juan Carlos I.

Para canalizar eses fondos, o monarca utilizaría como home de palla ao coronel do Exército do Aire Nicolás Murga Mendoza, que foi o seu axudante de campo desde mediados 2007 ata decembro de 2017. Ata o momento estaba a investigarse un posible delito fiscal, o que require unha fraude superior aos 120.000 euros anuais defraudados, que é o límite para partir do cal se comete este delito. O que estaba a indagar o ministerio público é se en cada un dos citados exercicios —2016, 2017 e 2018— o rei e os seus familiares gastaron máis de 275.000 euros (non declarar esa cantidade implicaría defraudar 120.000 euros en impostos) con cargo a contas que non estaban ao seu nome.

CANTIDADE. Indeterminada.

Nursultan Nazarbayev. Gobernou durante tres décadas con puño de ferro Kazaxstán, república exsoviética rica en gas e petróleo, pero enormemente desigual e cuestionada por reprimir os dereitos humanos dos seus habitantes. A amizade entre Nazarbayev e Juan Carlos I remóntase a 1994, cando o presidente kazako fixo a súa primeira visita oficial a España. Ata 2007 o agora emérito, acompañado entón da raíña Sofía, non programou a súa primeira viaxe oficial ao país asiático, pero antes xa fixera tres privados. Nun deles, que tivo lugar en outubro 2002, Nazarbayev, que compartiu cacería co rei, obsequioulle con cinco millóns de dólares en metálico [cinco millóns de euros ao cambio da época], segundo dúas testemuñas ben relacionados co réxime. Nazarbayev foi un dos 15 xefes de Estado convidados á voda de Felipe de Borbón e Letizia Ortiz.

Continúa en

www.novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Aproveitarmos esta oportunidade

Hai poucos días, a Comisión Europea consensuou co Parlamento Europeo un programa de axudas fronte aos efectos económicos da Covid-19. 1.824 B€, algo máis da metade en axudas directas e o resto en préstamos. Galicia, no contexto da UE, anda a rentes dun 0,6% da súa poboación. Velaí que haberíamos recibir entre 7,5 e 9 milleiros de M€. Unha enxurrada de cartos produtivos, se atendemos que o teito do gasto público galego será, no 2021, de 11.664 M€ e case o 80% destinaranse a compromisos de gasto corrente. Os fondos europeos Next Generation haberían achegar máis dun 350% de recursos adicionais a respecto dos investimentos deste vindeiro exercicio 2021. o mellor en investimentos reais de todos os de Feijóo (mais peor ca o 2007 ou 2008, co goberno BNG-PSdeG).

Diante deste feito histórico, nin o Goberno do Estado nin o Goberno galego teñen clara a estratexia para definir os

proxectos que haberían investir estes recursos para modificar substancialmente un modelo produtivo dependente de máis do turismo, construción e hostalería. No caso do Goberno central, Pedro@Pablo, líderes do PSOE e Unidas Podemos, definiron un ferreño sistema centralizado onde o Consello de Ministr@s fixará as prioridades e os proxectos a peneirar e escoller, ao abeiro dun réxime de absoluta escuridade e falla total de transparencia. Ningúen sabe que criterios se teñen en conta para seleccionar os proxectos gañadores para optaren a estes investimentos.

E a Xunta de Galicia teima nesa falla de transparencia e, alén diso, fracasa porque i) non define unha estratexia a respecto de reclamar para este país o mínimo que lle compre por poboación e PIB (7,5-10 mil M€) ii) mantén unha total escuridade sobre as regras para admitir proxectos e iii) prioriza proxectos pouco tractores, como o reseso proxecto de tratamento de

puríns que publicitan seguido e iv) presenta unha total incapacidade para constituír o cerebro director da máis grande oportunidade que tivo Galicia desde é autónoma para mellorar o seu modelo produtivo.

Galicia ten un potente subsector consultor tecnolóxico (Plexus, Altia, Coremain) que habería axudar definir os nosos ob-

xectivos estratéxicos cara estes fondos Next Generation EU. E sectores onde contamos con vantaxes comparativas e onde estes recursos poden

alargar esta vantaxe. Os proxectos de transformacón da madeira (para evoluir un sector forestal centrado na produción e venda de madeira de eucalipto barata), transformacón dos produtos gandeiros nun grande grupo lácteo, proxectos tractores nas industrias agroalimentaria e complexo mar-industria, construción naval, compoñentes e tecnoloxía para a xeración das distintas enerxías renovábeis (eólica, maremotriz, solar...) ou tratamento do lixo poden ser algúns que implementen no noso tecido empresarial os xérmolos precisos para unha substancial remuda do noso sistema produtivo de aquí a doce ou quince anos.

Semella que nin Pedro Sánchez, nin Pablo Iglesias, nin Núñez Feijóo se están a decatar da oportunidade que podemos perder.



Menos mal que nos queda Portugal

Xa cos primeiros Borbóns, a mediados do século XVIII, definíronse as comunicacións por estrada dentro da península ibérica de xeito radial, malia que daquela as estradas a Madrid chamábanlle de Castela (Madrid era daquela un pobo sen muralla nin rúas de pedra). O primeiro camiño de ferro da península foi o Matarò-Barcelona, mais axiña o favor da Monarquía borbónica e dos seus Gobernos a prol de determinados traxectos construíu unha rede ferroviaria radial con centro na vila de Madrid. Ronsel que seguiu Primo de Rivera no seu plan de estradas dos anos 20 do século pasado. Valentín Paz Andrade cóntanos como no 1925-26 a reivindicación dun bó camiño de ferro entre Galicia e Francia (fronte ao tren de Madrid que

seica cumpría priorizar, segundo dicía o entón gobernador) determinou o peche do xornal Galicia que dirixía e o seu encarceramento pola decisión daquel tirano.

No franquismo radicalizouse esta radialidade a prol de Madrid, o que sabe case todo o mundo. O que xa non se coñece tanto é a salvaxe recentralización económica e potenciamento deste esquema radial que desenvolveron os gobernos de Felipe González e JM Aznar, deseñando un aeroporto xigante en Madrid, pretendido único hub aeroportuario do Estado, o que destinaron 6.000 M€ (un billón de pts., con "b" de burro) e construíndo un tren de alta velocidade (TAV) que puxera todas as capitais de provincia "a menos de tres horas de Madrid" (Aznar dixit). Un recente

estudo da Generalitat valenciana achega un dado arrepiante: entre 1988 e 2018 case o 44,5% dos investimentos públicos no Estado fixéronse na rexión madrileña, con menos do 18% do PIB e da poboación. O proxecto da España borbónica, primoriverista, franquista, felipista e aznarista sempre foi radial e centralizado.

Na Península Ibérica existen tres eixos fundamentais en termos de transporte de mercadorías e interconexión entre portos e camiños de ferro: o eixo cantábrico Galicia-Euskadi-Francia, o atlántico A Coruña/Ferrol-Vigo-Porto-Lisboa e o mediterráneo. Tres eixos que foron abandonados durante ducias de anos, malia que arestora o valenciano ministro Ábalos tente reverter o atraso do corredor mediterráneo, o que a exministra Pastor non foi quen a facer co eixo atlántico.

Para Galicia a comunicación con Porto e Lisboa é o vector fundamental que lle

garante a integración transfronteiriza entre máis de 7 millóns de habitantes (máis de 3,3 do norte de Portugal e 2,7 galegos) e a solución para levar cara Europa as mercaderías producidas ou desembarcadas na eurorexión. Solución, ademais, cofinanciada con folgura polos recursos da Unión Europea que quere integrar ambos os dous territorios fronteirizos e non aposta por trapalladas recentralizadoras.

Porén, o Goberno de Sánchez e Iglesias non lles está por esta solución e na recente cimeira ibérica propuxo priorizar a conexión ferroviaria Lisboa-Madrid no canto do noso eixo atlántico. Portugal, por primeira vez dende o ingreso de ambos os dous Estados na UE, priorizou os evidentes intereses atlánticos sobre esta trapallada. E esixiu a atención bilateral e prioritaria a respecto do eixo atlántico Lisboa-Porto-Galicia.

Como cantaba o noso Siniestro Total: menos mal que nos queda Portugal.

Unha Constitución caducada; un réxime caducado

O 42 aniversario do referéndum constitucional do 6-D concidiu coa sentenza da Sala do Penal do Tribunal Supremo (TS) que revogou a progresión ao terceiro grao dos nove presos e presas políticas catalás e máis a aplicación, dentro do segundo grao, do tratamento individualizado para cada unha delas ao abeiro do artigo 100.2 do Regu-

lamento Penitenciario (RP), que lles permitía saír traballar aínda no segundo grao.

Outra decisión do Supremo inxusta, desaxelada e antixurídica

É unha outra decisión do TS na que actuou de relator o seu Presidente, Manuel Marquena e que é acreedora da mesma avaliación que fixemos a respecto da que condenou estas nove persoas (Forcadell,

Bassa, Junqueras, Forn, Romeva, Turull, Rull, Cuixart e Sánchez) a penas entre nove e trece anos de cárcere: antixurídica no plano legal, inxusta no plano axiolóxico, e desproporcionada e perigosa no plano da racionalidade democrática.

É antixurídica por non respectar as funcións das Equipas de Tratamento dos Centros Penitenciarios, que propuxeron por unanimidade tanto os permisos para traballar fóra do cárcere ao abeiro do artigo 100.2 RP como as progresións ao terceiro grao e máis as funcións revisoras dos Xulgados de Vixancia Penitenciaria (XVP) que confirmaran

antes todas estas medidas. Ademais, estende ilegalmente a súa función revisora da progresión de grao a decisións que non conlevan esta progresión, como son as licenzas para traballar fóra do cárcere ao abeiro do artigo 100.2 CP.

É inxusta axiolóxicamente porque teima no agravamento dun castigo (o da sentenza condenatoria) de por si inxusto e desaxelado, facendo abollar decisións propias dunha vinganza legal no canto de decisións xurídicas propias dun estado de Dereito.

Continúa en

www.novasdoeixoatlantico.com

As Bibliotecas Municipais ofrecen un servizo de consulta para axudar as persoas vulnerables cos trámites en liña

O proceso de dixitalización dos trámites administrativos, impulsado polas medidas fronte á crise sanitaria actual, está a aumentar a fenda dixital entre os colectivos máis vulnerables que tamén son os que precisan realizar máis trámites para recibiren servizos básicos. As Bibliotecas Municipais da Coruña, conscientes desta necesidade social, ofrecen un servizo de atención tecnolóxica ao que calquera persoa pode acudir para resolver as súas dúbidas e problemas, tanto para tramitar en liña prestacións sociais básicas como para obter os



documentos e certificados esixidos.

En cada biblioteca municipal da cidade unha persoa experta atenderá de xeito persoal e indi-

vidual as cuestións que puideran xurdir neste ámbito, como tamén as referidas a outros aspectos tecnolóxicos como son os dispositivos electrónicos, redes sociais,

O concello aumenta os fondos para as bolsas comedor



A Xunta de Goberno Local aprobou nunha sesión extraordinaria e urxente un aumento do orzamento destinado á convocatoria das bolsas comedor do curso 20/21 por un importe de 550.000 euros, xa que o crédito asignado resulta insuficiente para responder ao incremento de concesións. O curso pasado

concedéronse 1.404 bolsas fronte ás 2.237 deste ano, o maior número de bolsas concedidas polo concello desde a súa posta en marcha.

Do novo crédito, 100.000 euros serán con cargo ao orzamento de 2020 (meses de setembro-novembro) e 450.000 con cargo ao orzamento de 2021 (meses de decembro-xuño).

O Concello adxudica a obra do ascensor do barrio dos Castros por máis de 400.000 €

O Concello adxudica a obra do ascensor do barrio dos Castros para a mellora da accesibilidade da zona, por valor de 402.000 euros.

O obxectivo desta actuación, aseguran desde o Goberno local, é "mellorar a accesibilidade na confluencia da rúa Vila de Padrón e a rúa Ortigueira coa Avenida da Pasaxe" e, para iso, tomouse a decisión de instalar un ascensor que "permitirá salvar a elevada pendente existente na avenida da Concordia". Este ascensor desembarcará nunha ampla marquesiña que utilizará como parada tanto de buses urbanos como interurbanos. O acceso ao ascensor realizarase a través dunha pasarela elevada á que se chega subindo uns chanzos desde a rúa Ortigueira ou a través dunha rampla de acceso desde a rúa Villa de Padrón, de case 11 m de lonxitude. O ascensor terá capacidade para 12 persoas. O plan conta con informes favorables do Departamento de Patrimonio Urbanístico e do Departamento do Sistema de Información Territorial.



Canto á praza da Concordia, o Concello vén de investir 212.000 euros na súa reforma a través da eliminación dos bancos localizados no medio deste espazo para permitir unha distribución por idades, así como o peche da maioría das entradas para mellor a seguridade dos

viandantes. O Goberno local, ademais, abriu ao público o novo aparcadoiro público de Casablanca, que dispón de aproximadamente 120 novas prazas de estacionamento. Os traballos consistiron en explanar e valar a parcela, así como en dotala de iluminación.

A Coruña aproba 6,6 millóns de euros para rehabilitación urbana e servizos

A Xunta de Goberno da Coruña autorizou máis de 6,6 millóns de euros de gasto para a reforma de varias rúas, axudas e contratación de servizos, entre os que destacan melloras da eficiencia enerxética e de accesibilidade en vivendas, no marco da Ordenanza muni-

pal de concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de edificios de vivendas.

Algunhas destas obras están financiadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do programa operativo plurirrexional de España 2014-2020.

O escritor X. Ricardo Losada gaña o XXXII Premio Torrente Ballester

O escritor X. Ricardo Losada foi elixido como o gañador do XXXII Premio Torrente Ballester de narrativa en lingua galega, organizado pola Deputación da Coruña, coa súa obra coa novela "O rosario e a buguina", na que recrea os últimos meses de vida do poeta Manuel Antonio e o conflito coa súa nai por motivos relixiosos. O destacou a creación dos personaxes e a escrita coitada da obra.

O premio está valorado en

6.500 € máis a publicación da obra gañadora.

O autor é profesor de Filosofía no IES Félix Muriel de Rianxo e publicou cinco libros, "O xente da chuvia" (Edicións do Castro), "Faustino Rey Romero. Un evanxeo bufo" (Xerais Edicións) "Bótame deste mar fóra" (Toxosoutos), "Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego" (Editorial Galaxia) e "A casa xunto ao volcán" (Editorial Galaxia), galardoada co II Premio Viadutos 2019.

Galicia

BNG buscará evitar en Bruxelas o peche da denuncia da Ría do Burgo

Durante unha concentración na Coruña, a voceira do BNG en Europa, Ana Miranda, informou que seguirá traballando na Eurocámara para que a Comisión de Peticións non peche a denuncia aberta no 2012 sobre o saneamento integral da Ría do Burgo mentres o persoal de marisqueo non cobren as axudas pola paralización do traballo.

A voceira do BNG denunciou as "pésimas condicións de traballo das mariscadoras e mariscadores", aducindo que as súas condicións laborais poden ser melloradas con fondos FEDER e FEMP.



En 2019, representantes dos colectivos afectados interviñeron na Comisión de Peticións da Eurocámara para conseguir que esta

Comisión mantivese aberta a denuncia dunha problemática que afecta tanto ao marisqueo como ao medio ambiente.

PSdG acusa a Feijóo de "falla de diálogo" nos Orzamentos 2021

Ovoceiro do PSdG, Gonzalo Caballero, criticou ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, de que non abra "pontes de diálogo" nin acadara consenso coa oposición nin a sociedade civil a respecto dos orzamentos da Xunta.

Caballero tamén acusou a Feijóo

de "falla de compromiso" cos sectores máis afectados pola pandemia, en especial a hostalería, a pesares dos anuncios da Xunta de investir máis de 17 millóns de euros.

Paralelamente, o líder do PSdG declarou que "estamos vendo a peor cara de Feijóo e do PP", en referencia ao expediente aberto

contra o xefe de xinecoloxía do hospital de Verín. Finalizou defendendo tanto a sanidade como a educación pública, neste último caso ante a recente reforma da Lei de Educación, lembrándolle a Feijóo que é "a súa obriga constitucional" acatar esta reforma educativa.

Podemos acusa a Feijóo de "nepotismo" cos novos cargos nos portos galegos

Antón Gómez Reino, deputado no Congreso e secretario xeral de Podemos Galicia, acusou á "Xunta de Feijóo" de "facen un uso descarado e nepótico das institucións públicas", neste caso de Portos de Galicia, como se foran "empresas de traballo temporal nas que recolocar a exdirixentes do PP de Gali-

cia, premiando a súa fidelidade".

A crítica ven trala publicación no BOE do 3 de decembro dos nomeamentos de catro novos presidentes nos portos da Coruña, Ferrol, Vilagarcía e Vigo. Tres dos catro son persoas directamente vinculadas á órbita do presidente Feijóo, con experiencia na xestión política e urbanística pero non portuaria.

Son estes os casos do ex conselleiro de Sanidade, Xesús Vázquez Almuíña para Portos de Vigo; do ex director de Urbanismo da Xunta e concelleiro popular na Coruña, Martín Fernández Prado, para a autoridade portuaria coruñesa; de José Manuel Cores Tourís en Vilagarcía de Arousa; e de Indalencio Seijo Jordán para Ferrol.

Gómez Reino: "É intolerable que Feijóo diga que non aplicará a Lei Celáa aprobada no Congreso"

É intolerable que o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, diga que non aplicará unha lei orgánica como a Lei Celáa aprobada con ampla maioría no Congreso dos Deputados". Con esta contundencia respostaba hoxe o deputado de Unidas Podemos e portavoz de Galicia en Común, Antón Gómez Reino, as declaracións públicas do mandatario galego nas que anunciaba a súa insumisión a unha lei aprobada a semana pasada co respaldo maioritario de sete formacións políticas da Cámara ao afirmar que "aplicaría o mínimo" a Lei Celáa.

"Desde Unidas Podemos-En

Comú Podemos-Galicia en Común entendemos que é unha magnífica nova a aprobación dunha novo texto normativo que nos achega os niveis europeos, onde o 80% do alumando asiste a centros públicos, e que da carpetazo a Lei Wert, un modelo ancorado no século pasado", manifestou Gómez Reino, esta mañá en rolda de prensa desde o Congreso antes do inicio da Comisión orzamentaria. "Agardamos que o manifestado onte por Feijóo sexa unha declaración provocadora porque non se entende que un presidente autonómico se negue a aplicar unha lei orgánica aprobada con ampla maioría por esta Cámara", reiterou.

A Deputación e o IMCE continúan coa xestión



A Deputación da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), organismo pertencente ao Concello da Coruña, dan continuidade á xestión conxunta do Teatro Colón.

A través do convenio a Deputación destina 250.000 euros, dos que 175.000 euros se dirixen á programación cultural e 75.000 € ao mantemento das instalacións. Así pois, o acordo sinala que se compartirá a programación das actividades que se desenvolvan no espazo, podendo o ente provincial empregalo para actos ou para a cesión a concellos da provincia ou entidades sen ánimo de lucro para a realización de espectáculos ou actividades

de carácter cultural ou social.

Así, a Deputación comprométese a facerse cargo dos servizos de mantemento das instalacións e do seu equipamento. Tamén investirá na transformación das bombillas a LED no patio de butacas e outras plantas, na reparación do aire acondicionado e na mesa de luces e monitores, así como na caixa negra. Tamén se encargará do pago de impostos e do seguro do inmovible, que adquiriu no 1997.

Pola súa banda o IMCE comprométese a contratar e aboar os gastos de persoal de xerencia do teatro, espectáculos e actividades, persoal de asistencia técnica, xerencia e venda de entradas e persoal de sala, entre outros.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Por Moncho Mariño

Nilce Costa, xornalista brasileira

“O máis fermoso é a aproximación das linguas”

Nilce Costa naceu no Río de Janeiro mais chegou a Portugal hai vinte e cinco anos. Licenciada en Xornalismo no seu país, pasaron uns anos até que puido colaborar en medios portugueses e finalmente ter un programa na Radio Metropolitana de Porto. A súa grande sorpresa foi

oír a proximidade entre galego e portugués. Isto fixo que se convertese nunha visitante asidua do sur de Galicia e que agora queira explorar o norte. Falamos con ella logo de entrar en contacto con medios e colectivos galegos cos que espera crear novas iniciativas.

-Que descubriu cando oíu falar en galego?

O galego é un idioma que fai parte dun país, a Galicia, co seu pobo, as súas raíces e tamén a maneira de conseguir que a lingua galega continúe activa. É moi importante que a lingua galega sobreviva porque é unha lingua moi próxima ao portugués. Son dúas linguas que se entenden mutuamente e iso é moi importante. Todo arredor do galego é realmente moi importante.

-Percorreu xa toda Galicia?

Estiven moitas veces, mais quedárame por coñecer Lugo, máis para o norte o meu límite foi Pontevedra.

-Que cousa a sorprendeu cando oíu falar en galego?

O primeiro direi que me sorprendeu moito os predios monumentais, a arquitectura antiga

e gosto moitísimo do mar nas Rías Baixas, as miñas praias favoritas, é un mar tranquilo. O que realmente me chamou a atención do galego é a proximidade do portugués, un elemento fermoso.

-O galego ten diferentes sotaques, sentíu que algún deles ten máis proximidade ao portugués?

Cando fixen un programa para a radio sobre contrabandistas entrevistei persoas de moitas localidades e conseguín entender todas as maneiras de falar.

-Como foi a súa aventura desde Brasil a Portugal?

Son brasileira mais hai vinte e cinco anos que cheguei a Portugal e xa teño a nacionalidade tamén.

-Traballa na Radio Metropolitana de Porto, como chegou ao mundo da comunicación?

Eu xa estudara Comunicación Social en Río de Janeiro. Cando cheguei a Portugal pois foi traballo de emigrante, non había moito onde escoller. Despois comecei a colaborar con medios rexionais, un tipo de xornalismo do que gusto moito. Logo fixen un obradoiro de xornalismo e colaborei para revistas. A radio era algo novo para min, era unha vertente nova para min. Comecei cun programa sobre o Brasil e hai un ano comezamos cun proxecto de programas sobre os contrabandistas, algo que resulta fantástico. Entrevistámoslos para saber como traballaban, as músicas que cantaban, a súa relación co ambiente que os rodeaba e tamén a “fala” deles para contrabandear.

-Foi o seu primeiro traballo relacionado con Galicia?

Si, foi ese programa. Vinte e



tres anos despois de chegar do Brasil, foi a primeira vez que visitei Galicia. O máis bonito foi ver como as persoas lle van collendo gusto ás entrevistas, a falar sobre as súas vidas e iso vexo que é moi positivo para a xente.

-Que tema lle gustaría tratar se chegase por exemplo, ao norte de Galicia?

Á xente gústalle escoitar de todos os temas. A intención é que a xente lle colla interese aos temas. Iso leva antes un

estudo previo do lugar e o estudo serve para que as persoas do lugar expresen todo canto queiran. Realmente o público ten interese en coñecer as particularidades de cada sitio.

-Ten feito colaboracións con medios galegos?

Estamos comezando aínda, mais xa somos Modelo Burela por contactarmos con eles e para nós é un orgullo ser parte desa iniciativa, porque o máis fermoso foi a aproximación das linguas.

Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Denominación de Orixe

TAPERÍA

a barbería

Especialidade en comida caseira e variedade de viños

Rúa do Páxaro, 8 - OURENSE
☎ 988 25 28 78

Galicia

O PSdG propón plan de emerxencia anti-COVID nos centros residenciais

A voceira de Política Social do Grupo Socialista, Marina Ortega, propuxo un plan de emerxencia para a prevención nos centros de atención residencial e instou á Xunta de Galicia a actuar “de inmediato”.

Fíxoo no Pleno do Parlamento trala presentación dunha moción socialista, na que o PP votou en contra do protocolo de evacuación de positivos, así como de aumentar recursos humanos nos centros residenciais e nos equipos de inspección.

Ortega lamentou que nesta segunda onda, “con máis medios de protección, capacidade de testar e recursos, temos unha situación aínda máis preocupante que durante a primeira” con “contaxios abruptos e masivos”



en centros como os de Pereiro de Aguiar ou Mos.

Neste senso, instou á Xunta a elaborar un plan específico de evacuación que permita a todas as persoas residentes que resulten positivas na COVID a ser trasladadas “a un centro intermedio para persoas que non precisen

hospitalización ou ingreso”. Ademais, esixiu á Consellería de Sanidade incrementar “urxentemente e de maneira significativa” o número de inspeccións a centros de atención residencial para maiores, informar dos criterios que definen a tutela e achegar datos diarios e concretos.

Parlamento aproba a proposta socialista de duplicar o investimento en I+D+i

O Parlamento galego aprobou a proposta do Partido Socialista (PSdG) de duplicar o investimento en I+D+i. A voceira Leticia Gallego informou que esta proposta permite premer á Xunta dun incremento na porcentaxe de investimento nesta área, “a fin de pasar do 0,9% actual ata o 1,5% do PIB nos vindeiros

dous orzamentos”.

Gallego propuxo empregar parte dos fondos de reconstrución a “proxectos ligados á transformación dixital e tecnolóxica da nosa economía”, coa finalidade de “activar o cambio do modelo produtivo”.

Doutra banda, a voceira socialista lamentou a “insuficiencia” do Plan Galicia Innova 2020 impulsado

pola Xunta ante os retos da COVID 19. Instou tamén ao goberno galego a establecer “unha política industrial realista e con visión de futuro no escenario da Industria 4.0”, reducindo as cargas burocráticas, incrementando o número de contratos predoutorais e posdoutorais e “doutando de estabilidade” á carreira investigadora.

Bruxelas felicita á sociedade galega pola recuperación do Pazo de Meirás

O grupo de Memoria Histórica do Parlamento Europeo, integrado por membros de cinco grupos parlamentarios, expresou os seus parabéns á sociedade civil galega e ao movemento memorialístico pola recuperación este 10 de decembro do Pazo de Meirás.

Neste sentido, agradeceron igualmente o traballo realizado polos investigadores Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo como base fundamental argumental da sentenza, con abun-

dantes probas que permitiron ao Estado español a recuperación da propiedade do Pazo de Meirás.

O grupo parlamentario aduciu da necesidade de “conseguir a devolución de todos os bens incautados pola ditadura franquista”. Toda vez, a recuperación do Pazo de Meirás este 10 de decembro, Día Internacional dos Dereitos Humanos, significou ó mesmo tempo a prohibición definitiva da entrada da Familia Franco neste inmovible.

Concello da Coruña e Xunta asinan convenio de transporte metropolitano

O Concello da Coruña e a Xunta de Galicia asinaron un novo convenio de Transporte Metropolitano, no que participaron a alcaldesa da Coruña, Inés Rey, o concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas e Mobilidade, Juan Díaz Villoslada, e o delegado territorial da Xunta, Gonzalo Trenor. O acordo

servirá para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano na área coruñesa.

Segundo declarou Rey, está pendente a autorización da Xunta da extensión da liña 1A a Santa Cristina para o seu funcionamento durante todo o ano, e “non soamente nos meses de verán”.

Proxecto europeo da Deputación para reducir o risco de incendios forestais

A Deputación da Coruña impulsa o proxecto europeo GEFRECON para reducir o risco de incendios forestais, na que abriu un proceso de selección dun Concello da provincia coruñesa que participe nunha proba piloto de uso compartido de maquinaria agrícola forestal.

A elección do municipio atenderase a diversos criterios, como se está incluído na Zona de Alto Risco (ZAC), se conta con algunha agrupación de protección

civil contra incendios forestais, cun Plan Municipal de Prevención e defensa contra incendios deste tipo e con brigadas forestais para o desenvolvemento de labores de prevención.

O proxecto GEFRECON se enmarca no Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriça España Portugal (POCTEP), e cofinanciado polo FEDER. Os Concellos interesados tiveron o prazo aberto ata o 15 de decembro para presentar as súas solicitudes.

MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

Os orzamentos do Concello de Monforte para 2021 serán eminentemente sociais

José Tomé Roca, alcalde de Monforte e Gloria Prada primeira tenente de alcalde, deron a coñecer os orzamentos municipais para o ano 2021, destacando que “hoxe presentamos este sexto orzamento, cumprindo o noso compromiso cos monfortinos de que elaborariamos o presuposto dentro de cada ano natural, deixando atrás os retrasos de varios meses que se viñan producindo o que converterían o orzamento nun documento pouco útil.”

O rexedor municipal engadiu que “nos últimos 26 anos, non houbo ningún período de tempo no que se presentaran durante seis anos seguidos o orzamento en tempo e forma, dentro de cada ano natural para que entren en vigor a principios do ano seguinte, o que demostra a seriedade e a boa xestión feita por este Equipo de Goberno”. Os orzamentos ascenden a 14.892.364,96 euros, fronte ós 13.603.301,64 euros do ano 2020. Esta cifra supón un incremento de 1.289.063,32 euros, con respecto ó ano 2020, o que representa un 9,48% máis.

“Os fondos deste incremento proceden basicamente de transferencias da Deputación de Lugo, manténdose na mesma liña a par-

ticipación nos Tributos do Estado, mentres que os Fondos de Cooperación cos Concellos da Xunta de Galicia non aumentaron en absoluto para este ano 2021, sendo o importe igual ou inferior que no ano 2020. Parece evidente que o Goberno da Xunta de Galicia non ten intención de axudar a Monforte, xa que ademais nos seus orzamentos baixaron en 4,5 millóns de euros os fondos para Cooperación Local cos concellos”, salientou Tomé Roca.

Desglose por Capítulos

O capítulo 1 corresponde ó persoal, e neste senso, baixa o gasto en 36.027,25 euros, un 0,8%, debido a xubilacións con soldos importantes e, nalgún caso, xa non se cubren, e noutros, o persoal eventual que substitúe non percibe antigüidade, polo cal hai menos gasto, sendo a partida total para o 2021 de 4.466.716,73 euros. Ademais, en 2020, había unha previsión de incremento salarial do 2%, cando a realidade foi algo menos, en relación coa masa salarial, e para o vindeiro ano, os Orzamentos do Estado prevén un incremento do 0,9%, polo que a previsión resultante é máis baixa que en 2020.

No capítulo 2, correspondente ó gasto corrente, incrementábase en 746.844,36 €, o que repre-

senta un incremento do 10,70%, debido basicamente ó custe da piscina municipal, ó incremento de axuda no fogar, a limpeza e desinfeccións motivadas polo Covid-19, e pola compra de material para facer fronte a esta pandemia, así como en previsión de adquisición de novo material segundo evolucione a pandemia en 2021. A partida total neste capítulo 2 é de 7.725.600,34 euros. “O gasto corrente non imputable a estas obrigas, baixa en relación a anos anteriores, debido á xestión rigorosa que vimos facendo dende o equipo de goberno” sinalou o alcalde.

No capítulo 4, relativo a subvencións e transferencias, redúcese en 96.750,72 euros, o que significa unha redución de 8,59%, e isto é debido a que gastos que antes estaban no Capítulo 4 agora pasan ó Capítulo 2, como poden ser os gastos da Piscina, que antes se facían por transferencias, e agora sufragáanse a través de factura, para cubrir un servizo que presta unha empresa pública con medio propio, como é TRAGSA. Así, a partida total para este capítulo 4 é de 1.029.423,27 euros.

No referido ó capítulo 6, que recolle as inversións, o alcalde destacou que “merece unha mención especial posto que para o



Alcalde e concelleiro na rolda de prensa.

ano 2021 incrementarase en 910.352,20 euros, o que representa nada máis e nada menos que unha subida do 153,07 % do investimento de inversión, cunha partida para 2021 de 1.505.100 euros. Isto demostra o compromiso deste Alcalde e deste Equipo de Goberno de seguir transformando Monforte, facendo obras que melloran o conxunto do Concello, tanto na zona urbana como na zona rural”.

No capítulo 7, referente a transferencias de capital a administracións, redúcese en 235.221,48 euros, debido a que baixa a aportación que o Concello ten que facer con cargo ó convenio de saneamento asinado coa CHMS e a Deputación de Lugo, que se está executando nestes momentos na rúa Chantada, entre outras. Isto é debido a que no 2020 a aportación do Concello

foi de 382.746,11 euros, e o Concello en 2021 ten que aportar 153.524,63 euros a este Capítulo 7, o que supón un descenso do 60,51%. O orzamento de 2020 foi de 13.603.301,64 euros.

Débeda cero

O alcalde continuou a súa intervención salientando un dato “que para nós e moi relevante e que non pode deixarse de mencionar, e é que este Concello continúa con débeda cero e sen previsións de ningún préstamo, e a pesar disto, temos un nivel de investimento moi alto para poder financiar as obras que vimos realizando. Polo tanto, os monfortinos e monfortinas emperezamos o ano 2021, tal e como fixemos no ano 2020, libres de débedas no Concello, sendo un dos poucos concellos de España onde os seus cidadáns non teñen débeda pública”.

Premio “Moncho do Pío” para o chantadino Alfredo Pardo

O articulista e cineasta chantadino Alfredo Pardo recibiu o Premio Moncho do Pío polo seu traballo “Días de viño e cereixas en Chantada”, publicado polo xornal El Progreso o pasado 5 de xullo. A reportaxe refírese ao arraigamento da produción da froita na comarca e achega documentación do século XIX que fala sobre a súa calidade. No acto de entrega, celebrado no auditorio de Chantada, Pardo recibiu un cadro do artista de Carballedo Randolfe Vilariño, un lote de viños da adega Terras de Bendaña –asina que convoca anualmente o Premio Moncho do Pío– e un diploma. O concelleiro de Cultura, Manuel Diéguez, ‘Penela’,

anunciou que Pardo será proposto en sesión plenaria como cronista oficial do municipio.

Alfredo Pardo é director cinematográfico pola Universidade Camilo José Cela (Madrid) e especialista en Xornalismo e Ciencias da Información pola Universidade Europea Miguel de Cervantes. Preside ademais a produtora Chantada Films, responsable da firma de múltiples proxectos audiovisuais. Pardo foi tamén redactor do xornal Semanal Mozo, crítico da banda deseñada na edición dixital da Nosa Terra e coordinador do Libro de Ouro do Círculo Recreativo e Cultural (Casino) de Chantada, así como un colaborador habitual do Pro-

greso, no que fixo numerosas publicacións con datos históricos sobre Chantada e a súa comarca.

Como cineasta dirixiu as recentes películas Lola, O labirinto ario o Garabolis. Con todo, un dos seus traballos máis rechamantes foi Punto e final, o seu primeiro filme, rodado en 1999 en Chantada e para o que contou coa participación de máis de cen veciños. Todos estes traballos realizáronse co selo de Chantada Films, do mesmo xeito que documentais como Vinte anos de bravío, no que Pardo figura como produtor, ou videoclips de grupos e artistas como Miguel Costas (exvocalista de Sinistro Total) ou Liviao de Marrao. A súa traxectoria



mereceu diferentes galardóns e distincións. O Moncho do Pío únese ao primeiro premio de relatos A toda ver, do Concello de Cambre e o Bravú, Xohán de Requeixo.

Sober construírá pequenas vivendas modulares de tipoloxía unifamiliar

O Concello de Sober disporá de 141.412 euros para investir en actuacións de rehabilitación do seu patrimonio construído con cargo á convocatoria 2020 das axudas para Áreas de Rehabilitación Integral (ARI). Así o subliñou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, durante unha visita ao municipio para comprobar o resultado dalgunhas das intervencións acometidas xa con cargo a este programa, cuxa última convocatoria acaba de resolverse coa sinatura de 25 convenios en toda Galicia por un importe de 2,7 millóns de euros.

A responsable de Medio Ambiente, acompañada do alcalde Luis Fernández Guitián, visitou unha vivenda próxima á Casa do Concello na que se executou a rehabilitación integral da fachada exterior con cargo a estas axudas. Trátase, como lembrou a conselleira, dunha das máis de cen vivendas localizadas na ARI de Sober nas que se interveu nos últimos anos grazas ao programa para o fomento da rehabilitación residencial.

Ao respecto, Vázquez Mejuto lembrou que esta Área de Rehabilitación Integral foi declarada no ano 2011, converténdose deste

xeito na “primeira e única de Galicia” que abrangue a totalidade dun municipio. Esta decisión adoptouse debido ás propias características do concello, como núcleo principal da Ribeira Sacra e cuxa poboación está dispersa en núcleos asociados á industria vinícola e núcleos de gran interese arquitectónico e etnográfico, que comparten unha mesma tipoloxía construtiva e posúen elementos catalogados e con protección polo seu valor patrimonial.

Convenios en execución

En total e desde a declaración da ARI de Sober, mobilizouse un investimento de máis de tres millóns de euros nos diferentes tipos de intervencións xa executadas, incluíndo a rehabilitación das vivendas antes mencionadas e tamén seis obras de rexeneración urbana en distintas prazas e espazos de uso público. As actuacións de recuperación e rehabilitación integral, en todo caso, terán continuidade nos vindeiros anos, xa que o Concello ten en execución un total de cinco convenios de colaboración dotados con case 712.000 euros para investir na ARI, aos que se suman os case 142.000 euros que lle corresponden no reparto da convocatoria de 2020.

Por todo iso, a conselleira con-



siderou que Sober é un “bo exemplo” da aposta decidida da Xunta pola rehabilitación do patrimonio construído, entendida como unha ferramenta útil e efectiva para impulsar a dinamización social, económica e demográfica de Galicia. Incidiu tamén na importancia de seguir construíndo vivenda nova e contribuíndo a que concellos como o de Sober poidan incrementar o seu parque público residencial para poñelo a disposición da súa veciñanza a prezos vantaxosos.

Vivendas modulares

Neste sentido, Ángeles Vázquez recordou que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) escolleu este municipio lucense para poñer en marcha un programa piloto no rural de construción de pequenas promocións de vivendas

modulares de tipoloxía unifamiliar. Así, explicou que o obxectivo é dotar a Sober dun novo edificio residencial que albergará tres vivendas modulares de promoción pública entre medianeiras, nas que se investirán un total de 435.775 euros.

Os inmobles están situados entre o colexio Virxe do Carme e o centro de saúde e as obras na zona xa comezaron. De feito, a conselleira indicou que dende comezos de novembro, estanse a compaxinar os traballos sobre as parcelas onde se situarán os inmobles –consistentes basicamente na escavación e execución dos cimentos (obras rematadas) e dos muros perimetrais– co proceso de construción modular das vivendas, realizado íntegramente en fábrica.

“Q” de calidade para a rede de miradoiros de Sober

A rede de miradoiros de Sober, formada por dez miradoiros sobre o Canón do Sil, vén de recibir a ‘Q’ de calidade que outorga o Instituto para la Calidad Turística de España (ICTE) na categoría de Espazo Público Singular. Tan só 5 espazos públicos a nivel estatal contan con esta distinción a día de hoxe. Turismo de Galicia asinou a principios de ano un acordo co Instituto para la Calidad Turística Española coa finalidade de conseguir implantar a ‘Q’ de calidade en Espazos Públicos Singulares da Ribeira Sacra e Rías Baixas.

Na Ribeira Sacra só o Concello de Sober obtivo o recoñecemento logo da tramitación e despois de aprobar as correspondentes auditorías.

Dende o Concello de Sober e tras conseguir tan importante distinción, xa se está traballando nun proxecto de potenciación da Rede de Miradoiros. Entre outras propostas o Concello quere homoxeneizar a súa sinalización, habilitar zonas de aparcamento tamén sinalizadas, facer unha publicación específica da propia Rede de Miradoiros ou unha programación no entorno dos propios miradoiros.



Concello
de Sober

Este Nadal brinda con viño da subzona de AMANDI



#AMANDÍZATE




Amandi celebrou o 40 aniversario

A XL edición da Feira do Viño de Amandi celebrouse coa participación de 28 adegas amparadas pola denominación de orixe Ribeira Sacra, que ofreceron unhas 60 referencias. As adegas deron a posibilidade de degustar os seus caldos a todo aquel que presentou a invitación previa necesaria para acceder ao salón do Pazo de Sober. Os viños presentáronse a unha cata oficial e os premiados coñeceranse no acto que clausurou a feira. Na categoría de viños tintos xoves foron galardoados Cruceiro, Viña Cichón e Viña Mezquita (os tres gañadores), mentres que na categoría de brancos a distinción correspondeulle a Finca Cuarta e na de viños doutras anadas a Garoubas 18.

O gran obxectivo de celebrar a mostra nestas épocas é dinamizar as vendas de viño de Amandi antes de Nadal. Para promocionar o produto houbo que adaptar ata o cartel anunciador, obra de Isabel Núñez. O seu deseño estaba previsto para a feira que debeu celebrarse en abril no seu formato habitual. Nel vese a unha

vendimiadora en plena faena. A autora reformouno e puxo unha máscara á muller. A primeira data para a edición número 40 era o 5 de abril. A convocatoria inicial das eleccións autonómicas obrigou a trasladala ao 19 do mesmo mes. Logo xurdiu a pandemia e pospúxose.

Luis Fernández Guitián, alcalde de Sober, clausurou a feira xunto á directora de Turismo de Galicia, Nava Castro. O rexedor lembrou a importancia de seguir poñendo o foco nun sector “básico para ou noso Concello”, polo que houbo que reinventarse e non deixar pasar esta edición da feira. Insistiu na importancia de apostar polo viño da subzona de Amandi, ou de calquera outra da denominación Ribeira Sacra, durante estas festas e recordou que Sober seguirá adiante este mes coa campaña Amandízate, coa que ou goberno local pretende “encher de Amandi os fogares e tamén as redes sociais”.

Antes da clausura procedeuse á entrega dos galardóns da cata oficial. Na categoría de viños tintos xoves foron galardoados Cruceiro, Viña Cichón e Viña Mezquita



Posado dos adegueiros premiados.

(os tres gañadores), mentres que na categoría de brancos a distinción correspondeulle a Finca Cuarta e na de viños doutras anadas a Garoubas 18. Entregaron os premios (unha peza exclusiva de Gundivós) Luís Fernández (ao Concello convidado este ano, A Peroxa); a directora de Turismo, Nava Castro; o director da Estación Enolóxica de Galicia, Juan Casares; o director xeral de Agacal, José Luis Cabarcos; o deputado da Área de Participación Cidadá, Roberto García; e o alcalde da Peroxa, Manuel Seoane.

O panel da cata oficial estivo composto

por David Ledo Varela, enólogo de Adegas Valdés (Rías Baixas) e membro da Asociación Galega de Enólogos; Cristina Mantilla González, enóloga e profesora do ciclo superior (Escola de Hostalería Belarmino Fernández Iglesias); Mayra Rato Fernández, enóloga, membro da Asociación Galega de Enólogos e membro do panel de cata C.R.D.Ou. Ribeira Sacra; Luís Díaz, xornalista especializado; Natalia Cid Maio, catador, Grupo Montesequeiro e Manuel Corralero Geanini, catador do Hotel Praza (A Coruña) e membro da Asociación de Catadoras de Galicia (Gallaecia).

O Concello de Sober lanza a campaña Amandízate este Nadal

O slogan foi presentado polo alcalde, Luís Fernández Guitián, na Praza do Concello acompañado por varios membros do equipo de goberno cunhas letras de gran tamaño da cor da uva de Amandi. Con esta iniciativa preténdese incrementar a venda dos viños da subzona de Amandi durante as Festas. A campaña forma parte dos actos programados no marco do Mes do Amandi. Ademais de promocionar o novo slogan a través dos medios de comunicación e das redes sociais, o goberno local distribuirá un listado con todas as bodegas de Sober que están a vender viño, así como o seu contacto telefónico e a web a través dos cales poder pedir información e mercar os seus produtos.

Desde o Concello de Sober convidan a compartir a través das redes sociais as fotos do



Presentación da campaña diante do consistorio.

brinde con Amandi usando o cancelo #Amandízate. Compartiranse todas as fotos que etiqueten ao Concello de Sober xunto con este lema, tanto a través do Facebook, como do Twitter e do Instagram. É a primeira campaña na que se usará o slogan #Amandízate, á que seguirán outras iniciativas baixo o mesmo lema en diferentes épocas do ano.

O rexedor explica que decidiron “reinventarse” e organizar o Mes do Amandi e a Feira-Mostra do Viño do Amandi 2020, tras suspender a XL Feira do Viño de Amandi por mor da pandemia, para contribuír a que o sector conte cun escaparate no que amosar os seus viños e a través do que seguir facendo vendas nun ano especialmente complicado.

Os pendellos de Cadeiras na segunda fase de reforma



En dous días xa foi descuberto o tellado na súa totalidade.

O Concello de Sober vén de iniciar a segunda fase da reforma dos pendellos de Cadeiras. A primeira das fases realizouse o ano pasado. A actuación supón un investimento de máis de 30.000 euros dos que o 80% é financiado por Turismo de Galicia e o 20% restante polo goberno local. Con estes traballo com-

plétase a restauración dos tradicionais pendellos na contorna do santuario, onde cada mes de setembro se celebra un xantar coincidindo coa Festa na honra á Virxe de Cadeiras. As obras supoñen renovar por completo a cuberta e a súa estrutura. Fanse ademais reformas nas paredes e nas columnas que soportan a propia cuberta.

Plan estratéxico para o sector agrogandeiro da Limia

O conselleiro do Medio Rural, José González, presidiu o primeiro encontro de traballo para a elaboración do Plan estratéxico do sector agrogandeiro da comarca da Limia. Esta xuntanza, que se levou a cabo de xeito telemático, supón, segundo o conselleiro, o punto de partida para acadar os obxectivos que se perseguen con esta iniciativa.

Trátase, segundo explicou González, de lograr un mellor e máis efectivo aproveitamento dos recursos, de reducir a concentración de nutrientes nas augas, de xerar emprego e fixar poboación no rural e de combater o cambio climático á par que Europa. No primeiro destes encontros virtuais entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e os axentes locais agrupados na mesa da Limia tamén participou a directora desta

axencia dependente da Consellería do Medio Rural, Inés Santé, así como o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros.

O conselleiro lembrou a “forte especialización produtiva” desta comarca ourensá, centrada no sector primario, que “destacou” “logra aportar preto do 30% do PIB comarcal”. A partires deste feito, engadiu, cómpre “unha visión de conxunto” para acadar os devanditos obxectivos. Por iso, explicou o conselleiro, o traballo enfócase dende unha perspectiva moi integradora e participativa, co fin de contribuír a un desenvolvemento sostible, rendible economicamente e compatible coa protección do medio ambiente.

Patata e cereal

Nesta liña, José González destacou tamén o potencial da Limia en eidos como a produción de

patata e de cereal. Vinculou ambos coa calidade, que se pon en valor por medio de indicacións xeográficas protexidas como a da patata e a do pan galego, esta última de recente creación. O conselleiro salientou, así mesmo, a importancia da PAC para esta comarca e lembrou, neste sentido, o traballo que vén desenvolvendo a Xunta para procurar que estas políticas europeas se adapten á realidade agrogandeira de Galicia en xeral e desta bisbarra ourensá en particular.

Ademais, puxo en valor os proxectos nos que está a traballar o Goberno galego para aproveitar os fondos comunitarios de reconstrución, habilitados para facer fronte á pandemia. Fixo especial fincapé nun dos proxectos tractores, que está vinculado á economía circular e, máis concretamente, á xestión e aproveitamento



Os encontros serán eminentemente participativos.

das dexeccións gandeiras, algo que -dixo- ten unha especial importancia na Limia.

Neste contexto, o conselleiro insistiu no carácter participativo deste Plan, que se concreta a través da Mesa da Limia, unha entidade que comprende preto de 40 axentes de diversa orixe, incluíndo concellos, organizacións empresariais, de produtores, organizacións agrarias e ambientais e a Administración autonómica a través dos distintos departamentos e centros de investigación e desenvolvemento.

Diagnose estratéxica

Este primeiro encontro centrouse na diagnose estratéxica do sector agrario na Limia, que abordou diferentes áreas temáticas como a produción gandeira e hortícola, a transformación e a comercialización. Máis adiante están previstas outras catro xuntanzas, que versarán, respectivamente, sobre as propostas para a produción gandeira, para a agrícola e para o desafío dos residuos agrogandeiros, cunha última xornada dedicada á presentación do documento de análise e propostas.

A Xunta investirá 2,4 millóns de euros no Hospital Comarcal de Valdeorras

A Xunta de Galicia vai investir preto de 2,4 millóns de euros no Hospital Comarcal de Valdeorras. Así o anunciou o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, na visita que realizou ao centro hospitalario. A meirande parte deste orzamento irá dedicado á reforma de da área de Cirurxía maior ambulatoria, Farmacia e Hospital de Día cun presupuesto de 1,4 millóns de euros, e da que se sacará a licitación da obra próxima. Segundo explicou García Comesaña, nesta reforma vanse realizar actuacións en tres áreas.

Por unha banda, está a zona do Hospital de Día, onde haberá cadeiras de brazos separadas para favorecer a privacidade do tratamento, camas lixeiras de fácil transporte, e un control de enfermería aberto que permitirá a vixilancia de todos os postos. Tamén se incluírán dúas consultas e unha sala de espera para Oncoloxía/Paliativos e unha sala independente para a zona de Endoscopias/Digestivo, con dúas áreas incorporadas: unha adicada á espera de consultas e outra á espera de probas.

A segunda das zonas de reforma é a

Unidade de cirurxía maior ambulatoria. Nela vaise ampliar a zona de atención preoperatoria, cunha sala diáfana, máis ampla, coas áreas de camas e de cadeiras de brazos distribuídas de forma que é posible a visión directa de todos eles desde o control de enfermería, pero con posibilidade de peche para manter a privacidade.

Na terceira das áreas, a de Farmacia, vaise crear unha zona de recepción-dispensación, unha zona para a almacenaxe de material necesario, localización da neveira de citostáticos e colocación dos EPI do persoal que traballe no interior das cabinas. Tamén haberá espazo para o laboratorio e unha área específica para a realización do reenvasado.

Adxudicouse a obra de reforma da zona de consultas externas do Hospital Comarcal de Valdeorras. Ten como obxectivo instalar un novo ascensor-montacamas, dotar un sistema de quenda, mellorar o confort térmico da área de Rehabilitación-espera de Resonancia Magnética e



O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, no hospital valdeorrés.

reforma e actualización de consultas externas (instalando unha cortina modular de aire con control intelixente e portas corredizas automáticas). O proxecto contempla actuar sobre unha superficie de 808 m2 cun orzamento de 453.949,40 € e un prazo de execución duns 4 meses.

Actuación integral na praza de Progo de Riós

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, visitou a praza de Progo no Concello de Riós onde se ten previsto desenvolver unha actuación integral de acondicionamento, na que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en colaboración co consistorio, vai investir case que 77.000 euros. O alcalde, Francisco Armando Veiga, explicoulle ao delegado territorial, de xeito detallado, as actuacións que se van levar a cabo en breve na Praza de Progo, e transmitiulle a importancia da mesma para o recreo e disfrute da veciñanza deste lugar de Riós e a súa contorna.

Gabriel Alén sinalou que este tipo de actuacións son para mellorar os equipamentos e dotacións dos pobos e vilas do rural, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizos có fin de proporcionar unha oferta de calidade e axeitada ás necesidades da poboación, e así poder incrementar o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma.

A lousa de Valdeorras dá emprego directo a preto de 2.500 traballadores

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, mantivo unha reunión co presidente do Clúster da Pizarra de Galicia, Víctor Cobo. O representante do Goberno galego, que está a manter unha rolda de contactos cos distintos axentes económicos e sociais da provincia, achegouse á comarca de Valdeorras para coñecer o estado e as necesidades deste sector produtivo tan importante na provincia e en Galicia.

Acompañado da alcaldesa de Carballeda de Valdeorras, María del Carmen González, visitou as instalacións do Centro Tecnolóxico da Pizarra, onde o agardaban o presidente do Clúster da Pizarra, Víctor Cobo, e representantes de empresas do sector. Durante máis de hora e media, e delegado da Xunta escoitou os pareceres e suxestións deste colectivo empresarial e transmitiulle o aval e o apoio do Goberno galego ás novas iniciativas que teñen pre-



A lousa representa o 26% do produto interior bruto de Valdeorras.

visto de cara ao futuro e que fomenten o desenvolvemento dunha minería sostible.

Gabriel Alén, lembroulle os compromisos xa adquiridos con este sector polo presidente da Xunta na súa visita o pasado 14 de febreiro, e resaltou “o labor deste colectivo empresarial a prol da dinamización do rural, e a contribución da lousa como unha aposta permanente pola innovación”. Alientou a importancia deste sector estratéxico para a comarca de Valdeorras, converténdose na principal

fonte de actividade económica da zona. Así, a lousa dá emprego directo a preto de 2.500 traballadores e de maneira indirecta a arredor de 10.000 persoas, representando o 26% do produto interior bruto da comarca.

Nesta liña, Gabriel Alén lembrou que o 33% da produción mundial da lousa para cubertas procede da Comunidade galega, tendo como principais países destinatarios a Francia (101 millóns de euros) e ao Reino Unido (68 millóns de euros).

Nogueira de Ramuín terá parque infantil cuberto

O vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, visitou os traballos levados a cabo en Nogueira de Ramuín para construír un parque infantil cuberto no núcleo de Mundín. Esta liña de axudas conta cun orzamento de catro millóns de euros un millón máis que o exercicio anterior, e precisamente na convocatoria deste ano prima os proxectos de cubrición de parques infantís. A través desta orde, os concellos poden crear, mellorar ou reformar infraestruturas básicas dos servizos municipais.

Rueda destacou a importancia de levar a cabo actuacións coma estas para colaborar coas necesidades dos concellos e contribuír á mellora da calidade de vida dos seus veciños. Esta colaboración supuxo nos últimos anos un investimento de case 1,3 millóns de euros por parte da Xunta no municipio. Tamén incidíu na ne-



O parque infantil está en Mundín.

cesidade da cooperación entre os propios concellos con proxectos conxuntos que contribúan a optimizar recursos e evitar duplicidades. Así o vén facendo Nogueira de Ramuín durante varios anos xunto co municipio de Parada de Sil para a limpeza da ruta do centro BBT Ribeira Sacra, financiada a través do Fondo de Com-

pensación Ambiental, ademais de melloras presentadas pola Mancomunidade Voluntaria de concellos da comarca de Ourense.

Outra das actuacións apoiadas pola Xunta este ano é para a brigada de protección e o mantemento de espazos ambientais, mediante unha solicitude conxunta con O Pereiro de Aguiar.

Muíños acondicionará espazos públicos

As obras de acondicionamento dos espazos públicos no núcleo de Tourós e Barxés no Concello de Muíños comezarán este mesmo outono, despois de que se asinara o contrato polo que se adxudica esta actuación. Esta actuación, que se adxudicou por un importe de 131.405 euros, pretende mellorar a seguridade, accesibilidade e imaxe das rúas para garantir o benestar dos veciños, nunha zona na que se localizan edificacións tradicionais. Así, fomentárase a recuperación dos espazos públicos peonís para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños e para manter e conservar as rúas en óptimas condicións

para vehículos e peóns.

A iniciativa propón a creación dun acceso peonil á Praza do Cruceiro de Barxés e ao complexo turístico deportivo O Corgo; así como a construción de beirarrúas en Mugimes e o acondicionamento da Praza de San Rosendo tamén neste núcleo, co fin de dotar dun espazo que satisfaga as demandas de ocio e lecer dos veciños.

A Consellería Medio Ambiente aposta por establecer e fomentar este tipo de colaboracións, como a que se executa no Concello de Muíños, porque é acorde aos obxectivos que se marca o departamento que dirixe, como poñer en valor as dotacións actuais dos concellos galegos, a través da recuperación e a mellora dos espazos.

O BNG de Cea denuncia a carencia de secretario-interventor



“Estamos ante unha situación grave,” din os nacionalistas.

O BNG no Concello de San Cristovo de Cea denuncia que desde fai algo máis de catro meses, o Concello non dispón de secretario-interventor debido á enfermidade e posterior pasamento do anterior. Os nacionalistas destacan que “estamos diante do cargo máis importante dentro do organigrama municipal e cuxa presenza

é obrigada para todas as corporacións locais”. Inciden en que o secretario-interventor ten, dentro das súas funcións, “dar fe pública e o asesoramento legal preceptivo así como a do control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, a de contabilidade, tesouraría e mesmo a de recadación”.

A Xunta adxudica a explotación da nova estación de autobuses da intermodal

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de adxudicar a explotación da nova terminal de autobuses da intermodal de Ourense para os vindeiros cinco anos, por un valor estimado de 1,17 millóns de euros. O contrato foi adxudicado á Unión Temporal de Empresas Explotación EEAA Ourense, que se encargará dos servizos do novo complexo intermodal sita no barrio da Ponte, unha vez sexa trasladada a actividade da actual terminal de autobuses do barrio do Pino. A UTE está integrada polas empresas Transportes La Unión, S.A., Mantenimientos y Servicio de Galicia, S. L. e Sociedad de Transportes, S.L.

Nestes momentos están xa en proceso de execución as obras de demolición da actual terminal de autobuses, ao tempo que se avanza no remate da construción da nova estación de autobuses



Estado actual das obras da terminal a carón da estación do tren.

integrada na terminal do AVE. O contrato de concesión inclúe a xestión do servizo público correspondente á nova terminal de autobuses, a xestión e explotación dos locais e servizos complementarios, das zonas comúns da terminal e tamén a explotación publicitaria.

Estímase que a nova terminal de autobuses da Ponte acollerá arredor de 79.000 expedicións

ao ano, o que significa un incremento de máis do 21%, e preto de 400.000 viaxeiros, un 12% máis. A nova terminal de autobuses de Ourense verá mellorada os seus servizos, contando cun sistema que rexistrará todos os datos de actividade que permitirá, por exemplo, informar aos pasaxeiros do tempo estimado de chegada ou saída de cada un dos servizos.

O Concello non renova a explotación de mobiliario urbano publicitario

O Concello de Ourense deu por rematada a concesión de explotación de mobiliario urbano publicitario (mupis) e eliminará as máis de 120 pezas que se atopan instaladas nas rúas, parques e prazas da cidade. O pasado sábado, 21 de novembro, rematou a concesión outorgada en 2016 a unha empresa para explotar publicitariamente estes elementos e o Concello, tal e como anunciara o alcalde no mes de maio, non a renovará.

Gonzalo Jácome explica que as pezas de publicidade en papel e pantallas dixitais producían unha “gran barreira arquitectónica”, xa que impiden gozar do espazo público da cidade, non só o que ocupan fisicamente, senón tamén o da súa contorna: obrigan as persoas que camiñan pola rúa a ter que rodealos e desviarse dos seus itinerarios. Tamén producen “contaminación visual, xa



Mupi fora de servizo na rúa Pardo de Cela.

que obstaculizan a visión dos escaparates dos comercios”, ademais do feísmo ao atoparse en rúas, parques e zonas verdes cuxa estética deterioraban”. No caso das pantallas dixitais, ocasionaban tamén perigos de seguridade viaria, xa que podían distraer a atención dos condutores.

A cambio, a concesión só lle reportaba uns ingresos duns 150.000 euros ao Concello, explica o rexedor, “que non compensan os danos que ocasionan

os mupis”. Tamén explica: “non temos que utilizar o espazo público para anunciar publicidade cando xa existen vías convencionais, como os medios de comunicación”.

Extinguida a concesión, que o Concello non renovará, nas próximas semanas procederase á retirada física destes elementos, deixando unicamente en servizo os expositores que proporcionan a información de hora e temperatura.

BNG: falta de previsión compromete o servizo de bombeiros

Un dos bombeiros do corpo do Concello de Ourense non está acudindo ao traballo por ser un contacto estreito dun positivo en COVID-19 tal e como lle comunicou o SERGAS. Este feito fixo que ata catro compañeiros do mesmo turno estén tamén illados ao ser contactos estreitos deste. Para o BNG esta situación deixa á vista unha vez máis os problemas estruturais que existen no Corpo de Bombeiros do Concello de Ourense, onde, a improvisación e a falta de protocolos específicos, latran o servizo, situándoo nunha posición moi complexa de producirse máis casos.

Desde o BNG denuncian que ante a corentena que deben gardar ata un total de 7 bombeiros pertencentes ao mesmo turno, o que se pretende é cubrilos con persoal pertencente a outro, rompendo polo tanto os grupos burbulla cuxo obxectivo é precisamente tentar evitar o contacto e polo tanto os posibles contaxios entre turnos distintos.

Protocolo

Os nacionalistas afirman que “se misturamos persoal de diferentes turnos estamos a incre-

mentar notablemente as posibilidades de contaxio, consecuencia do cal, os citados turnos quedarían aínda máis mingoados de persoal”. O Grupo Municipal do BNG quere por de manifesto que “estamos ante unha situación insostible e lonxana no tempo, concretamente desde hai sete meses, momento no cal se tería que ter establecido un protocolo claro e concreto, tendo en conta ademais as particularidades dun servizo tan complexo como é o de Bombeiros”.


“É preciso establecer un protocolo minucioso xa que estanse pondo parches a un problema estrutural. A falta de organización, de planificación, de protocolos e de medios tanto materiais como persoais, lastran, a ollos do BNG, un servizo básico no que non se poden escatimar nin esforzos nin recursos”.

Por todo iso, anuncian os nacionalistas, continuarán nas vindeiras semanas traballando para tentar paliar a grave situación na que se atopa o Corpo de Bombeiros do Concello de Ourense e que por desgraza, súmase á situación na que se atopan a meirande parte dos servizos do Concello.

Ourense realiza os primeiros pagamentos aos autónomos

O Concello de Ourense iniciou a finais de novembro os pagamentos das axudas que concede este anos aos autónomos da cidade para apoiar a súa actividade, que se viu fortemente afectado pola recesión ocasionada pola pandemia da COVID-19. O Concello efectuou as primeiras transferencias bancarias de axudas desta convocatoria, por importe de 2.000 euros cada unha. Os pagamentos chegarán progresivamente a todas as persoas beneficiarias durante as

próximas semanas. O Concello recibiu un total de 4.569 solicitudes de axudas por parte de autónomos da cidade. De todas elas, remataron en propostas de concesión 3.967, o que representa o 86,8% de todas as recibidas. Outras 458 solicitudes foron remitidas á persoa solicitante para emenda (o 10%) e destas 130 xa foron emendadas e 328 aínda non o foron. As propostas de denegación son 78 (o 1,7%) do total e están nunha segunda comprobación 66 (1,4%).



O túnel de Montefurado forma parte dun conxunto mineiro moito máis amplo

A Xunta de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) veñen de concluír o estudo multidisciplinar do túnel de Montefurado, en Quiroga, que permitiu afondar no coñecemento dunha das obras máis representativas da minería do ouro romana.

O estudo impulsado polo Goberno galego mediante unha achega de 40.000 euros, enmárcase nunha actuación máis ampla dividida en dous grandes bloques: estabilidade estrutural e valor histórico-arqueolóxico. O primeiro dos bloques foi executado polo Instituto Geológico Minero de España e a empresa Terrae Geoconsulting S.L. O segundo levouse a cabo baixo a dirección de Brais X. Currás e F. Javier Sánchez-Palencia, investigadores do Instituto de Historia do CSIC e membros do grupo de investigación Estrutura Social e Territorio-Arqueoloxía da Paisaxe (EST-AP), que conta cunha longa traxectoria no estudo e posta en valor das paisaxes mineiras da Antigüedad. Contouse tamén con Javier Fernández Lozano, xeólogo da Escola de Minas da Universidade de León.



Túnel de Montefurado (Quiroga).

Conxunto mineiro

Un dos principais resultados desta investigación que se alongou durante máis dun ano é que o túnel non é unha realidade illada, senón que forma parte dun conxunto mineiro moito máis amplo. “Durante os

dous séculos que durou aproximadamente o desenvolvemento da minería do ouro no noroeste da Península Ibérica, tras a conquista levada a cabo polo emperador Augusto, todo o tramo medio do río Sil foi intensamente explotado”, explican os in-

vestigadores. Proba disto, engaden, é que os marxes do río aparecen balizadas por decenas de labores mineiros.

Para documentar estes restos, empregáronse medios de teledetección como a fotografía aérea histórica, voos de dron ou o uso da tecnoloxía LiDAR, que permiten obter un modelo do terreo de alta precisión. Ademais, durante os traballos tamén se conseguiu documentar a rede hidráulica que abastecía de auga ás fronteiras mineiras, así como identificar con detalle, en colaboración co arqueólogo Santiago Ferrer, o trazado da rede hidráulica que derivaba o río Xares ata as minas situadas xunto ao Montefurado. Tamén se constatou a existencia doutra canle, peor conservada, que levaba as augas do Regueiro de San Martiño, situado nas inmediacións de Seadur.

Os traballos complétanse cun estudo documental coa historia do túnel que vai desde as primeiras referencias dos anticuarios humanistas, como Bartolomeu Sagrario de Molina, ata o intento do seu reaproveitamento con fins mineiros durante o primeiro cuarto do século XX.

O laboratorio de Boeing impulsará a industria aeroespacial en Galicia

O vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, participou mediante videoconferencia na inauguración no campus de Ourense do Laboratorio de Boeing para o estudo de actividades aeroespaciais, que, tal e como salientou o conselleiro, será unha peza clave no desenvolvemento desta industria en Galicia.

Conde agradeceu a Boeing, un dos socios da Xunta no Polo Aeroespacial, pola súa participación activa que está contribuíndo a que Galicia se estea consolidando como referente no ámbito de avións non tripulados, con iniciativas como Galician SkyWay, centrada

na busca de solucións tecnolóxicas para a seguridade do tráfico aéreo non tripulado en espazos compartidos con aeronaves tradicionais, ou o banco de probas de voo. Do mesmo xeito, recoñeceu o labor que realizan centros como a Escola de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo na formación dos profesionais do futuro que necesita a industria aeroespacial.

Difusión

Boeing e a Universidade de Vigo teñen en marcha un convenio de colaboración, dentro do cal se están desenvolvendo xornadas de difusión centradas en tecnoloxía aeroespacial, prácticas en empresas para alumnos da Escola, ou o Premio Boeing aos tres primeiros

proxectos de Fin de Grao que hoxe se entregou.

O Polo Aeroespacial de Galicia é unha das 108 iniciativas que a Xunta xa presentou ao Goberno para optar aos fondos europeos de recuperación Next Generation, unha oportunidade para potenciar o traballo que empresas e centros de coñecemento galegos están realizando no campo dos vehículos aéreos non tripulados. Neste sentido, Conde lembrou que o Polo Aeroespacial de Galicia, no que se está traballando na folia de ruta a seguir durante o período 2021-2025, conta na actualidade con empresas tractoras como Boeing, Indra e Babcock, e a participación de 50 empresas e centros de co-



O vicepresidente económico e conselleiro de Economía en videoconferencia.

ñecemento e máis de 35 proxectos de I+D+i executados.

O Laboratorio de Boeing dispón cun simulador de voo de última xeración que os estudantes poderán utilizar en numerosas áreas de investigación como as dinámicas de voo, os sistemas de aviación e o control do tráfico aéreo.

Está formado por unha pantalla

táctil multifunción que serve para manipular o panel de radio de voo, o piloto automático, a unidade de control do sistema de xestión de voo e o sistema de instrumentos electrónicos de voo, e que pode configurarse como cabina analóxica (motor de pistóns e turbopropulsores) ou “cabina de cristal”.